

Ucráína 2014. As sancións internacionais, debates e consecuencias globais

Isabel Stanganelli Frankenberg

“Dende hai moito tempo estamos convencidos de que as sancións como instrumento de política exterior son ineficientes e practicamente nunca logran o resultado desexado — incluso no referente a países pequenos. Por suposto, unha política de sancións inflixe certos danos, incluíndo a quen as usan”

Vladimir Putin⁽¹⁾

Introdución

A partir do golpe de Estado contra o presidente Viktor Yanukovich, do plebiscito en Crimea e a súa incorporación como parte da Federación de Rusia, sucedéronse niveis crecentes de sancións contra Moscova. Á iniciativa de EUA para a aplicación de sancións contra Moscova, pronto se sumaron a Unión Europea (UE) e outros Estados, como Xapón, Australia, Noruega e outros europeos.

Dirixidas inicialmente contra individuais conxelación dos seus activos no exterior ou prohibición de visados para ingresar en determinados Estados—, as sancións de EUA foron as primeiras en estenderse ás súas empresas comerciais, incluíndo bancos e o ámbito financeiro, a un crecente número de industrias estratéxicas e a prohibición de colaboración en emprendimentos de uso dual. Estas principalmente abarcaron as referidas á industria de defensa rusa e a tecnoloxías indispensables para a extracción de petróleo no Ártico ruso, así como a extracción de hidrocarburos de difícil recuperación —esquistos—. Estas medidas de retorsión contan con antecedentes e, en todos os casos, a súa aplicación afectou mais á poboación que á conduta do Estado sancionado

Neste caso, dada a gran interdependencia económica e tecnolóxica entre a Unión Europea e a Federación de Rusia e a gran dependencia de recursos enerxéticos rusos por parte de moitos países europeos —non necesariamente membros da UE—, comezaron a superpoñerse situacións particulares que evidenciaron fisuras tanto na política exterior dese continente como no interior dos seus Estados, e a omnipresente participación de Washington nos debates europeos.

Por outra banda, a Federación de Rusia tamén iniciou a súa política de sancións a individuais e a partir de agosto pasado, de restricións económicas, chegando ata impedir a importación de alimentos dos países que a sancionaran. Con elas, aos índices xa crónicos de desocupación en Europa engadiuse a necesidade de busca de novos mercados para colocar a produción europea que previamente dirixíase cara Rusia.

(1) “Putin Threatens Retaliation Against ‘Strange’ Western Sanctions”, *Reuters*, 12 de setembro de 2014. Dispoñible en http://www.themoscowtimes.com/top_stories/article/newsletter/506996.html?